

# BASES

## CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DOS VIÑOS E A HOSTALARÍA DE BARRO: “BRINDEMOS POLO NOSO” – *Viños de Barro, viños de calidade.*

O Concello de Barro organiza unha Campaña de promoción dos viños de Barro elaborados por adegas locais ao amparo da DO Rías Baixas e dos establecementos nos que se poden consumir e que coincidirá coas datas nas que se tería que celebrar a Festa do viño de Barro, que por causa da situación sanitaria que estamos vivindo non se poderá celebrar no seu formato orixinal.

Estas datas supoñen unha oportunidade para promover e dar a coñecer os viños de calidade do noso concello, mais supón tamén unha oportunidade para promover o consumo e incrementar a visibilidade e promoción da hostalaría de Barro.

“BRINDEMOS POLO NOSO” – *Viños de Barro, viños de calidade* é unha iniciativa do Concello de Barro que ten como obxectivo principal a promoción da calidade dos viños de Barro e da hostalaría local e irá acompañada dun importante traballo de promoción, publicidade e divulgación tanto das adegas como dos negocios hostaleiros que a ela se adhiran a través de todos os medios ao alcance do Concello de Barro.

### OBXECTO

Estas bases establécense coa finalidade de regular unha nova campaña enmarcada dentro da segunda metade do mes de xuño para o apoio e publicidade das adegas de Barro e os locais de hostalaría que participen da mesma, garantindo a igualdade de trato entre todos os participantes, que as deberán aceptar integramente unha vez presentada a solicitude no Rexistro Municipal ou a través da Sede Electrónica.



### **DATAS DA CELEBRACIÓN**

O inicio desta campaña será o día 11 de xuño e o remate será o día 27 de xuño 2021, ambos incluídos.

### **REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Poderán participar nesta **CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DOS VIÑOS E A HOSTALARÍA DE BARRO** todos os locais de hostalaría de Barro.

### **PROCEDEMENTO**

Todos os locais de hostalaría que se adhiran á campaña deberán adquirir unha caixa de 6 unidades de cada unha das 4 adegas que elaboran viño en Barro. Estas adegas son:

**Casaley**

**Viña Moraima**

**Cabana das Bolboretas**

**Adega do Rexurdir**

O prezo de compra fixado por cada unidade de botella será de 5 euros, mais no primeiro pedido (no que obrigatoriamente cada local adherido á campaña deberá adquirir un mínimo de 6 unidades a cada unha das catro adegas) o prezo por unidade será de 4 Euros para as primeiras 24 unidades, 6 botellas por cada adega. Para as compras posteriores o prezo por unidade de botella será o orixinal: 5 euros.

Todos os locais que se apunten á campaña deberán fixar un prezo de venda ao público por botella será de 10 euros e de 2 euros por cada copa.

Os locais partícipes desta iniciativa, participarán tamén, xunto coas adegas, nunha campaña de publicidade nos medios de comunicación, promovida polo Concello de Barro.

Ademais, premiarase ás persoas consumidoras do viño de Barro cunha campaña que consistirá no seguinte: cada local disporá dun lote de 4 botellas (1 de cada adega) doado



polo Concello de Barro. Cada consumidor/a de viño, ben sexa adquirindo botella ou copa, cubrirá os seus datos nun ticket que depositará nunha caixa no local onde fixo a consumición. Ao remate da campaña, as persoas responsables de cada negocio hostaleiro adscrito promoverán un sorteo a través do que se determinará quen será a persoa premiada con dito lote de botellas de viño, coa extracción ao azar dun dos tickets depositados na caixa.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A inscrición na campaña é gratuíta e para participar é preciso entregar a solicitude (ANEXO I) debidamente cumprimentada, a través da Sede Electrónica ou do Rexistro presencial do Concello de Barro. Excepcionalmente pola situación actual provocada polo COVID-19, poderán enviarse ao correo electrónico: [oficinas@barro.gal](mailto:oficinas@barro.gal).

As solicitudes e as presentes bases poderán descargarse na páxina web do concello [www.barro.gal](http://www.barro.gal) ou recollerse nas oficinas do concello de Barro (Santo Antoniño nº 11, Perdecanaí 36194, Barro - Pontevedra) en horario de atención ao público: de luns a venres de 9 h a 14 h. O teléfono de información é o seguinte: 986 711 002

### PRAZOS

O prazo para a entrega de solicitudes irá desde a publicación das bases ata o 31 de maio, incluído. As solicitudes, debidamente cumprimentadas, presentaranse no Rexistro do Concello de Barro, a través da Sede electrónica ou no enderezo electrónico [oficinas@barro.gal](mailto:oficinas@barro.gal). Debido á situación producida pola COVID-19, priorizarase a presentación por medios electrónicos.

### CRONOGRAMA

Prazo de inscrición na campaña	Ata o 31 de maio
Celebración da campaña	Do 11 ao 27 de xuño
Sorteo do lote de botellas	O 28 e 29 de xuño



### **OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES**

- Os establecementos farán a súa inscrición previa en tempo e forma nas datas sinaladas.
- Comprométense a cumprir cos prazos establecidos para a realización da campaña.
- A xestión das botellas de viño farase directamente entre o/a adegueiro/a e o/a hostaleiro/a.
- Os locais participantes deberán ter nun lugar visible e en bo estado o cartel da campaña que o identifique como establecemento adherido á mesma durante todo o período. E comprométese a difundir esta campaña entre a súa clientela a través dos medios ao seu alcance.
- Cada participante comprométese a facer un uso responsable do consumo do viño e da campaña e a cumprir estritamente estas bases.

### **OBRIGAS DO CONCELLO DE BARRO**

- O Concello fará entrega de todo o material preciso para a Campaña: carteleira, lote de botellas para o sorteo e a caixa e os tickets correspondentes.
- O Concello será o encargado de promocionar e potenciar a Campaña tanto nas redes sociais como nos medios de comunicación.
- O Concello comprométese a facer o seguimento da Campaña e resolver cantas cuestións xurdan durante o desenvolvemento da mesma.

### **OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

- Queda prohibida a participación do titular/es do bar, cafetería ou restaurante no sorteo.
- O Concello non se responsabiliza da perda ou deterioro dos tickets ou botellas de viño da campaña.
- O establecemento participante será o responsable da utilización que se faga dos tickets.
- O Concello resérvase o dereito a dar de baixa da campaña a calquera participante que realice un mal uso da mesma.



- As presentes bases aparecerán recollidas e estarán colgadas na páxina web do concello de Barro [www.barro.gal](http://www.barro.gal) e nas redes sociais do Concello de Barro durante o período da Campaña.

## **PUBLICACIÓN**

Para mais información no teléfono do concello de Barro : 986 711 002

O Concello de Barro resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento desta campaña.



ANEXO I:

PROCEDEMENTO: INSCRICIÓN

**Campaña promoción dos viños de Barro**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**  
**“Brindemos polo noso” – Viños de Barro, viños de calidade.**

ESTRATEGIA PROMOCIONAL DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL 2020/2021  
Concellería de Promoción Económica, Emprego, Xuventude e Turismo

- Datos da persoa TITULAR DO ESTABLECEMENTO	
NOME E APELIDOS:	D. N. I.:
ENDEREZO DO TITULAR DO ESTABLECEMENTO:	
Rúa, lugar e núm.	Parroquia
Enderezo electrónico da persoa responsable:	Teléfonos:
- Datos do establecemento	
Denominación Comercial:	C.I.F. se é distinto do Titular
ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO:	
Rúa, lugar e núm.	Parroquia

Con esta inscrición comprométome a participar na “Campaña de promoción dos viños de Barro *“Brindemos polo noso” – Viños de Barro, viños de calidade* - CONCELLO DE BARRO e a aceptar as bases do mesmo.

Barro, a ..... de ..... de 2021

Asdo:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARRO**



### **Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos**

**Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas**

#### Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Barro

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre a rotección de Datos na seguinte dirección <https://barro.sedelectronica.gal/privacy>

Firma

PRESTA O SEU CONSENTIMIENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

